

Boqueixón

Decembro 2015

Revista Informativa do Concello

Nº 33



IMPRESO SIN DIRECCIÓN

ESPAÑA

FRANQUEO
PAGADO



Aut. nº 150493

"Paxaros admirando a paisaxe"
Autora: Belén Iglesias Cajaraville
1º Premio "Paisaxes de Boqueixón"

Editorial	2
Corporación municipal de Boqueixón	3
Resultados electorais 2015	4
Os gastos realízanse a través de procedementos de contratación ..	4
Boqueixón e a Deputación acordan un maior control financeiro	5
Boqueixón amortiza 185.000 euros do seu único crédito	5
Boqueixón será en 2016 o municipio co ICIO máis baixo	6
Incremento do orzamento da dependencia	6
Boqueixón levou a cabo obras de mellora viaria	7
Programa "baches 0"	7
Cambio de ubicación de marquesiñas	7
Adecantamento e sumministración de mobiliario nos parques infantís	8
Trinta mozos/as participaron no proxecto "Deseñando o teu futuro"	8
O obradoiro de emprego ofrece traballo e formación a 20 desempregados	9
Plan de posta en valor do Pico Sacro	9
Novo roteiro do Pico Sacro á Ponte Ledesma	10
II Encontro Dragal	10
Nova edición da Ruta de Tapas	11
O grelo de Boqueixón fai marca	11
Orla Escola Infantil "Raíña Lupa"	12
O Concello aposta pola formación en lingua inglesa	14
II Campo de traballo Dragal 2015	15
250 rapaces e rapazas participaron das actividades de verán	15
"Ler conta moito"	16
A biblioteca municipal forma parte da plataforma GaliciaLe	16
O Concello mellora a colección da biblioteca municipal	16
Reservas online dos pavillóns	17
O ximnasio reforza a súa oferta deportiva	17
Donación de 3.000€ para material escolar, roupa e calzado	18
Incremento dun 25% das horas de axuda no fogar	18
Apoio educativo en mans de profesionais	18
O Concello firma un convenio con Unicef	19
"Mulleres da historia, mulleres con historia"	20
Curso de defensa persoal feminina	20
Marea violeta contra a violencia	20
C.R.A Boqueixón - Vedra	21
Convivencia e participación na comunidade escolar	23
A Escola Infantil comeza o curso coas prazas dispoñibles cubertas	23



Intervención de Ovidio Rodeiro no pleno de nomeamento como alcalde

O meu compromiso sempre foi Boqueixón, por iso considero unha honra o poder poñerme ao servizo dos veciños do concello onde nacín, e no que sempre vivín. Este compromiso pretendo exercelo coa máxima humildade; e afrontar o traballo que nos teñen encomendado, de forma maioritaria, os nosos veciños o pasado 24 de maio.

O ex-presidente do Goberno, Felipe González, di no seu último libro: "interésanme máis os resultados que ser un gran predicador". A min tamén. De aí que a miña principal aposta política neste novo período de Boqueixón sexa a de ser útil ao concello e aos seus cidadáns. Os veciños sempre estaredes antes que nada. As vosas necesidades e inxedanzas serán a prioridade de todas as accións deste goberno.

Eu non entendo a política, a xestión pública, como unha tarefa para permanecer sentado e deixar o tempo pasar; senón para traballar arreo na realización daquelas reformas que melloren o futuro de Boqueixón. Esforzareime para que a transparencia dos feitos e o valor dos resultados sexan os que falen da miña xestión como alcalde.

Son consciente de que estamos pasando momentos moi duros. As dificultades económicas condicionan a prestación dos servizos públicos tal e como os coñecemos ata o de agora. Por iso, a primeira tarefa debe ser a de sentar as bases para garantir que o concello poida manter, e mesmo incrementar, os servizos públicos que presta aos cidadáns. Estou absolutamente convencido de que hai marxe para facelo.

Non creo nos discursos baleiros nin nos enfrontamentos sectarios. Non me gustan as discusións estériles nin a crítica por sistema. Creo que todos podemos aportar moito a este concello, máis alá da ideoloxía de cada quen. A miña intención é a de contar coa opinión e a colaboración de todos os membros desta corporación, sexan goberno ou sexan oposición.

O meu propósito é facer un concello para todas as persoas, no que a prioridade sexa escoitar permanentemente aos veciños, para así poder comprender e atender as súas necesidades e demandas. Un concello onde todos poderedes coñecer, dende o minuto un, onde e cómo se están a investir os cartos dos cidadáns, para unha xestión municipal limpa dentro dun concello de cristal. Os veciños de Boqueixón nos demandan prudencia, como base sobre a que asentarmos o modelo de xestión. Pero, ao mesmo tempo, tamén nos esixen decisións valentes, atrevidas e renovadas, que volvan a facer de Boqueixón un concello pioneiro, na vangarda de toda Galicia.

Aproveito tamén, estas liñas, para facervos chegar os meus mellores desexos para estas festas de Nadal e para que o 2016 sexa un ano cargado de benestar e ledicia para todos.

Corporación municipal de Boqueixón



Partido Popular

Ovidio Rodeiro Tato
 Manuel Fernández Munín
 M^a Carmen Botana Cebeiro
 Antonio González Barral
 Ana M^a Seijo Mosquera
 Jesús Sanjuás Mera
 Jesús José Santasmarinas Devesa
 Alejandro Bermúdez Devesa

Agrupación de electores Veciñ@s de Boqueixón

Xabier Canabal Fernández
 Perfecto Barcala Mosquera
 M^a Carmen Soutullo Carolo

Mesa de contratación

Presidenta: Ana M^a Seijo Mosquera
Vogal 1: Jesús José Santasmarinas Devesa
Vogal 2: Alejandro Bermúdez Devesa
Vogal 3: Antonio González Barral
Vogal 4: M^a Carmen Soutullo Carolo
Vogal 5: Elena Suárez Rodríguez
(secretaria-interventora)
Secretaria: Adela Lamela Arteaga

Concelleiros Delegados

Concellaría de modernización, transparencia, ordenación municipal e obras e primeiro tenente de alcalde:

Manuel Fernández Munín

Concellaría de servizos xerais, seguridade e medio ambiente e segundo tenente de alcalde:

Jesús Sanjuás Mera

Concellaría de educación, cultura e deportes e terceira tenente de alcalde:

M^a Carmen Botana Cebeiro

Concellaría de servizos sociais e igualdade:

Ana M^a Seijo Mosquera

Concellaría de industria, comercio, novas tecnoloxías e innovación:

Antonio González Barral

Concellaría de terra e monte:

Jesús José Santasmarinas Devesa

Concellaría de formación, emprego, turismo e desenvolvemento local:


Alejandro Bermúdez Devesa

Comisión de contas

Presidente: Manuel Fernández Munín
Vogal 1: Jesús José Santasmarinas Devesa
Vogal 2: Alejandro Bermúdez Devesa
Vogal 3: Antonio González Barral
Vogal 4: Xabier Canabal Fernández
Vogal 5: Perfecto Barcala Mosquera

Resultados electorais das eleccións municipais 2015 en Boqueixón

TOTAL BOQUEIXÓN		
ANO 2015	votos	%
PP	1.745	62,97%
Agora Vós	818	29,52%
BNG	73	2,63%
CxG	135	4,87%
Total	2.771	



A Lei de Contratos só esixe esta forma de tramitación para facturas de máis de 18.000 euros

Os gastos de máis de 3.000 euros realízanse a través de procedementos de contratación

As bases de execución do orzamento municipal reducen de xeito drástico a discrecionalidade que permite a lei á hora de realizar gastos a cargo do Concello. Deste xeito, toda aquela compra de material ou realización de servizos que supere os 3.000 euros e as obras de máis de 6.000 euros deberán realizarse a través do servizo de contratación.

Isto implica a posta en marcha de expedientes nos que, como mínimo, se fagan constar tres ofertas diferentes por parte doutras tantas empresas, optando pola máis barata. Ademais, estes gastos realízanse a través de procedementos chamados negociado con publicidade, onde calquera empresa pode presentar a súa oferta.

A Lei de Contratos do Sector Público sinala que os gastos que teñen que ser xestionados a través dun contrato son aqueles que superen os 30.000 euros en obras e os 18.000 en subministrados e servizos, polo que a xestión que realiza o Concello de Bo-

queixón supera en moito as esixencias da propia Lei.

Ademais, o concello ten a intención de sumarse ás centrais de compras que poñan en marcha outras administracións para mellorar a eficiencia e o prezo dos equipamentos, a enerxía, a telefonía e outros subministrados.

Con estas medida preténdese unha maior eficacia e transparencia da xestión, xa que ademais todos estes gastos son publicados a través do perfil do contratista da sede electrónica do concello www.boqueixon.com, polo que están a disposición de todos os veciños que queiran saber onde e como se están a investir os cartos dos seus impostos.

Portal Da Transparencia

A través desta mesma páxina web se ten posto en marcha un Portal da Transparencia, que estará a pleno rendemento a mediados do ano 2016.

Este espazo porá a disposición de todos os veciños información sobre planificación, acordos do Pleno e da Xunta de Goberno, orzamentos, salarios, contas e liquidacións orzamentarias, expedientes de contratación, subvencións e contratación de persoal.



Boqueixón e a Deputación acordan un maior control financeiro dos servizos

O Concello de Boqueixón, celebrou no mes de novembro, unha sesión ordinaria do pleno no consistorio, na que se aprobou a delegación na Deputación da Coruña das funcións de control financeiro sobre os servizos públicos que se xestionan indirectamente, co fin de incrementar a capacidade técnica municipal para unha maior fiscalización

das contas de explotación ou balances presentados polas empresas adjudicatarias.

O alcalde destaca que esta delegación permite conseguir unha administración pública máis eficaz e transparente, xa que ao traballo dos funcionarios municipais sumaráselle o criterio de técnicos provinciais que con-

tan cunha maior especialización en cada unha das materias a fiscalizar.

Os servizos que serán fiscalizados pola Deputación serán os de conservación, reparación e mantemento do alumeado público, o de axuda no fogar, o de xestión de sumidoiros e o de abastecemento de auga.

A débeda bancaria e de 78€ por habitante, unha das máis baixas da comarca Boqueixón amortiza 185.000 euros do seu único crédito

O concello de Boqueixón amortizou no mes de xuño un total de 185.606,33 euros do único préstamo bancario, que esta entidade ten concertado con Abanca e que vence en 2025. Con esta decisión, o crédito pendente de amortización sitúase en 352.278,36 euros, o que supón unha cantidade por habitante de 78 euros. Estas cifras fan de Boqueixón un dos municipios da contorna que soporta unha menor débeda por habitante.

O alcalde, Ovidio Rodeiro,

manifestou que a intención do seu goberno é o de amortizar a cantidade que resta do crédito nesta mesma lexislatura ou, polo menos, reducila moi considerablemente, “para que a situación económica non sexa un impedimento para prestar uns servizos públicos de calidade e mesmo que poida traer aparellada unha redución dos impostos locais que pagan os nosos veciños e veciñas”.

Rodeiro tamén di que estas cifras son o resultado da política

de contención do gasto e austeridade na xestión que se veñen aplicando en Boqueixón nos últimos sete exercicios, dende que a crise se fixo palpable e agradece aos dous alcaldes que o precederon a súa responsabilidade e prudencia orzamentaria.

Pago a provedores en menos de 20 días

O Concello de Boqueixón, é o único concello da comarca de Santiago que dende o ano 2012 non ten que acudir ao Plan de pago a provedores impulsado polo Ministerio de Facenda, e dende aquela segue a cumprir o periodo medio de pago a provedores establecido por Lei.

Tres son os pasos que segue o concello para poder cumprir estes prazos:

- Rexistro de entrada da factura no concello.
- Aprobación da factura en Xunta de Goberno.
- En menos dunha semana, execución do pago da factura ao provedor.



O imposto que regula as obras redúcese ata o 1,9 %

Boqueixón será en 2016 o municipio da provincia co Imposto sobre Construcións máis baixo

O Concello de Boqueixón aprobou unha modificación da ordenanza fiscal que regula o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) na cal se incluírá a baixada do gravamen desta taxa do 2,5% actual ata o 1,9%.

A modificación deste imposto, que regula as construcións destinadas a proxectos empresariais, novas vivendas unifamiliares e obras menores

e de rehabilitación de vivendas, aprobouse no pleno de decembro e procederáse a súa aplicación, tras exposición pública de 30 días, a partir do mes de febreiro de 2016.

Bonificacións

Esta modificación da ordenanza, inclúe a subida ao máximo das bonificacións establecidas. Así por exemplo, establécese unha bonificación de ata o 90% a favor das, instalacións

que en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

Cabe recordar, que tras a aplicación desta medida, Boqueixón pasará a ser o concello da provincia da Coruña co ICIO máis baixo de entre os concellos que aplican este imposto, o cal axudará ao desenvolvemento urbanístico e industrial do concello.

O concello incrementa o orzamento da dependencia a cargo dos gastos de representación, dietas da corporación e pago de intereses da débeda

O programa municipal de dependencia recibe 39.255 euros máis.

A Comisión de Contas do Concello de Boqueixón aprobou no mes de novembro unha modificación orzamentaria que incrementou en preto de 40.000 euros a partida destinada ao programa municipal de axudas á dependencia, o que permitirá financiar o incremento de horas de atención a este colectivo.

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, destaca que este traspaso orzamentario para dependencia ben motivado polo incremento das horas destinadas a

atención das persoas en situación de dependencia aprobado este ano, que pasaron de 1.173 horas mensuais a 1.715, un 25% máis.

Este incremento realízase a costa das partidas de gastos de representación da alcaldía, dietas da corporación, débeda pública e asistencia social primaria. Concretamente, aprobouse realizar unha achega de 3.608 euros da partida de gastos de representación da alcaldía que non foron gastados neste ano. Outros 6.640 euros proceden do orzamento das dietas de concelleiros, que se aforraron ao non continuar coas reunións de delegados de área

tras a constitución da nova corporación.

Este ano incrementáronse nun 25% as horas de atención a dependentes

Tamén se traspasan a dependencia un total de 14.007 euros da partida de débeda pública. Por último, tamén se achegan outros 15.000 euros procedentes doutras partidas da área social non executadas. En total, 39.255 euros que se incrementan no capítulo destinado ás axudas municipais á dependencia.



O orzamento total dos proxectos ascendeu a 250.000 euros

Boqueixón levou a cabo obras de mellora viaria en nove quilómetros de sete estradas municipais

O concello de Boqueixón executou obras de mellora de sete pistas e estradas de competencia municipal, que afectaron a máis de nove quilómetros de vías e contaron cun orzamento global de 250.000 euros.

Leváronse a cabo obras nas parroquias de Lestedo, Loureda, Boqueixón, Codeso, Sergude, Oural e Lamas

As obras de mellora tiveron un tempo de execución por contrato de seis meses.

Polo seu volume de tráfico, destacan o arranxo da rúa que enlaza a igrexa de Lestedo co centro de Interpretación do Pico Sacro;

a mellora da estrada de Loureda a Lavacolla, que ademais leva un sobreaño para conseguir unha anchura uniforme de 5 metros; e a estrada que enlaza Boqueixón con Codeso a través das aldeas de Maravexás, Santaia e Casaldesuso.

Outras vías que se melloraron con este plan de obras son as de Castro de Abaixo a Noente (Sergude); Papete a Fábrica de móbiles (Oural); AC-960 a Senande (Lamas); e Deseiro de Abaixo (Sergude) a Rubial (Lestedo).

Estas actua-

cións estaban incluídas nos Plans de Obras e servizos e de Aforo e investimento da Deputación da Coruña e estiveron cofinanciadas polo organismo provincial e polo concello de Boqueixón.



Programa “baches 0”

Un total de máis de 150 baches foron arranxados dende que no mes de maio se puxo en funcionamento o plan “baches 0”.

Con esta medida preténdese garantir o arranxo de todas as fochancas cun prazo de resposta inferior a unha semana.

Os vecinos e veciñas das 14 parroquias do concello xa se beneficiaron desta actuación que se está levando a cabo con fondos municipais.

Para avisar da formación de unha fochanca, os veciños poden chamar ao **981 51 30 61**.

Esta actuación dá resposta as peticións veciñais

Cambio de ubicación de marquesiñas en paradas de transporte escolar

Durantes os meses de setembro e outubro, os operarios municipais, estiveron acometendo obras de reubicación de marquesiñas en lugares nos que ata o de agora non había este servizo.

Con esta medida preténdese que todas as paradas de transporte escolar conten con esta infraestrutura.

Foron seis as marquesiñas de transporte escolar que se reubicaron e dúas de transporte metropolitano.



Adecantamento e sumministración de mobiliario nos parques infantís



Nestes últimos meses, executáronse obras de adecantamento e mellora das instalacións dos diversos parques infantís existentes no concello.

Con esta mellora, demóstrase a aposta do Concello por renovar estes equipamentos, adaptándoos á normativa vixente e mellorando

sobre todo a seguridade dos elementos e instalacións.

Instalouse mobiliario infantil feito con materiais respetuosos co medio ambiente e resistentes ás inclemencias climatolóxicas tan propias do noso municipio.

É importante o avance que supón a creación de infraestruturas que dotan ó rural dos mesmos servizos que as zonas urbanas.

O obxectivo foi o de coñecer de primeira man a realidade dunha profesión Trinta mozos e mozas de Boqueixón participaron no proxecto “Deseñando o teu futuro”

Durante os meses de xullo, agosto e setembro, empresas de Boqueixón e da Comarca de Santiago, comprometidas social e educativamente, acolleron a mozos e mozas de Boqueixón dentro do proxecto “Deseñando o teu futuro”

Este grupo de entre 14 e 18 anos, realizou estadias-visita en empresas da comarca, que con carácter voluntario e totalmente gratuíto, lles permitiu coñecer a realidade dunha profesión, ocupación ou oficio.

Este programa, levado a cabo polo Concello de Boqueixón a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pretende dar resposta a cuestións relacionadas coa orientación profesional que tantas dúbidas orixinan nos mozos e mozas á hora de tomar unha decisión sobre cal itinerario profesional tomar. Este tipo de dúbidas tampouco resultan indiferentes para os pais.

As empresas participantes foron as seguintes: Piccadilly School of English S.L (Santiago), Clínica Dental Cristina Pampín (Boqueixón), Cocioescola SL (Santiago), Talleres

A Silveira (Boqueixón), PAC Veterinario San Lázaro (Santiago), Asociación Pura Raza Cabalo Galego (Boqueixón), Farmacia de O Forte (Boqueixón), Santos, Cocina y Baño, S.L (Boqueixón), Compostela Digital SL (Santiago), Ximnasio Wellnes Sport (Teo), Clínica dental Lamela y Rey (Santiago) e a Residencia Santa Olalla de Codeso (Boqueixón).

As opinións foron unánimes, resultados moi positivos e experiencias moi produtivas que axudaron a definir as expectativas de futuro dos nosos rapaces.



Entrega de diplomas “Deseñando o teu futuro”

A Xunta destina preto de 180.000 euros a posta en marcha deste proxecto

O obradoiro de Boqueixón-Vedra ofrece traballo e formación a 20 desempregados destes dous concellos

Este mes de setembro daba comezo o Obradoiro de Emprego Boqueixón – Vedra que se prolongará ata o mes de marzo.

Nesta ocasión, un total de 20 desempregados procedentes destes dous municipios están recibindo formación nas especiali-

dades de traballos de carpintaría e moble; e operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción. Ao remate, recibirán un certificado de profesionalidade nestas materias.

Durante este período os participantes traballarán na rehabilitación da estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla de Vedra, así como en diversas melloras en lugares públicos de Boqueixón: casa da cutura de Camporrapado, a praza pública de Sergude, o camiño interior de Outeiro en Codeso e o camiño interior de Xiadás en Gastrar.



A conselleira cos participantes no obradoiro e os alcaldes de Boqueixón e Vedra.

Plan de posta en valor do Pico Sacro

Boqueixón está fortemente ligado ao seu principal fito xeográfico: o Pico Sacro, un dos montes máis míticos e coñecidos de Galicia.

A silueta do Pico Sacro serve como punto de referencia paisaxística dunha ampla zona territorial e é unha fonte de innumerables lendas e contos populares.

O Concello de Boqueixón está a deseñar un plan de posta en valor deste espazo, para convertilo no motor turístico do municipio.

O plan propón a creación dunha marca turística propia que leve por nome Pico Sacro e que englobe varias liñas de actuación: a recuperación e estudo das fontes históricas e documentais, un proxecto de mantemento e conservación do Pico Sacro, un

proxecto de voluntariado ligado ao Pico Sacro e un proxecto de desenvolvemento turístico integral.

No apartado de recuperación de fontes históricas, plantexan a recompilación de fondos para expoñelos no Centro de Interpretación do Pico Sacro mediante, entre outros mecanismos, a firma de convenios con diferentes arquivos para obter copias dixitalizadas. Unha comisión de expertos encargárase de asumir estas tarefas promovendo a organización de conferencias e debates.

Convocar en colaboración con Política Lingüística un certame literario sobre lendas e mitoloxía e manter a colaboración co proxecto educativo Dragal son algunhas das iniciativas xa moi avanzadas, unidas ás xa existen-

tes, como os campos de traballo na zona.

O acondicionamento dos accesos, co desbroce das sendas, tamén entra dentro das liñas de actuación do proxecto, xunto cun maior coidado da ermida do pico e os restos da fortificación medieval.

Códice Calixtino

O concello ven de asinar un convenio co Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela que permitirá expoñer no Centro de Interpretación do Pico Sacro a reprodución do Libro III do Códice Calixtino o cal relata a evanxelización de España polo Apóstolo Santiago e a posterior "traslación" do seu corpo desde Xerusalén a Galicia facendo mención ao Pico Sacro ao longo de todo o relato.

A colaboración entre o Concello e a Deputación fixo posible este proxecto

Novo roteiro do Pico Sacro a Ponte Ledesma a través de 11 quilómetros de fermosas paisaxes



Esta acción, que consta de dúas fases de execución, une dous dos recursos naturais, culturais e históricos máis importantes do concello. Nunha primeira fase levouse a cabo o deseño do trazado, o desbroce e o adecentamento de todo o roteiro.

Este roteiro que discorre por zonas

de grande interese medioambiental pola beleza do seu entorno, favorecendo que non se degraden polo abandono, e que se manteñan como espazos naturais de uso polo público en xeral.

Ademais, cumpre outro obxectivo prioritario que é dotar dos desenvolvementos precisos para a mellora da calidade de vida, apostando pola conservación da natureza no medio rural.

Está previsto sinalizar todo o roteiro nunha segunda fase de execución deste proxecto.



O II Encontro Dragal atrae ao Pico preto de 400 escolares de toda Galicia

O máxico Pico Sacro acolleu a actividade de dinamización literaria II Encontro Dragal. Esta iniciativa ambientada na triloxía da escritora galega Elena Gallego Abad, fixo que rapaces e rapazas gozasen dun xogo de rol en vivo baseado na devandita obra e máis na historia de Galicia.

A obra está inspirada no mito da “traslatio” do corpo do Apóstolo Santiago que recollen as páxinas do famoso Códice Calixtino. Dragal nos redescubre a lenda da Raíña Lupa no Pico Sacro e as máxicas augas da Poza da Moura.

Esta triloxía está tendo un imparable éxito, cunha significativa repercusión a nivel xuvenil e educativo, chegando a ser

denominada como o “Harry Potter galego”. A saga que foi editada en galego e despois traducida a distintas linguas, saltará moi pronto ás pantallas de cine e a distintos soportes multimedia.

A colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Concello de Boqueixón, xunto con Ramsa, fi-

xeron posible a organización do II Encontro da Fraternidade do Dragal, o cal supuxo unha actividade lúdica e ó mesmo tempo divulgativa e educativa sobre o noso patrimonio histórico, inmaterial e cultural.

Actividade de dinamización literaria baseada na triloxía da escritora Elena Gallego



O secretario xeral de Política Lingüística, o alcalde de Boqueixón e a escritora Elena Gallego no II Encontro Dragal

Saboroso éxito dunha nova edición da Ruta de Tapas

A IV edición da Ruta de Tapas de Boqueixón deixou un moi bo sabor de boca en todos os participantes, tanto os clientes que degustaron exquisitos bocados feitos con produtos da zona e de tempada, como para os 12 hosteleros que recibiron do 1 ó 8 de novembro unha numerosa clientela disposta a tapear, paladear

e coñecer o bo facer dos nosos cociñeiros.

Servíronse aproximadamente 3.600 tapas durante os días que durou a ruta, o que supón un incremento con respecto ás edicións anteriores.

Na elaboración das deliciosas tapas empregáronse produtos da zona: queixo de Bo-Queixo (D.O.

Arzúa-Ulloa e D.O. queixo de Tetilla), carnes e toda a “horta de Boqueixón”, destacando os grelos de Boqueixón, patacas, pementos, pan, etc que estiveron presentes nunhas tapas elaboradas con moi bo gusto.

O recuento de votos quedou do seguinte xeito:

- “Mellor tapa de Boqueixón 2015” para “La mer” do establecemento “O Rincón de Pepe” (Lestedo).
- 2ª clasificada a tapa “Tres bocados” do establecemento “O Nervioso” (Camporrapado).
- 3ª clasificada a tapa “Pastel meloso de pataca con ventresca” do establecemento “O Vikingo” (Lestedo).

O gañador do sorteo do vale por 120€ para canxear por unha comida/cea recaeu en José Manuel Orosa Canabal.



A Directora de Turismo, o alcalde de Boqueixón e varios concelleiros cos gañadores.

O obxectivo é potenciar este produto gourmet que comercializan preto de cen produtores

O grelo de Boqueixón fai marca

Dende o concello estase traballando arreo para potenciar a marca “grelo de Boqueixón”, unha das verduras máis enxebres que se está perfilando como un produto gourmet, moi diferenciado polo seu suave sabor e cor excepcionais que o distinguen do resto de grelos presentes no mercado galego.

Para facernos unha idea da demanda existente, apuntar que os preto de cen produtores de Boqueixón de grelo, recollen e comercializan preto de 60 toneladas por tempada e a súa venda está aumentando vertixi-

nosamente convertíndose nun produto cada vez máis demandado.

É necesario exaltar este produto, moi tradicional da zona e que sempre se vendeu a intermediarios, viaxando dende aquí a moitas cidades da xeografía galega. Hai anos os produtores locais acostumaban a acudir á praza de abastos de Compostela ou mesmo mandaban a súa colleita en tren cara Madrid.

Recentemente, os cociñeiros pertencentes ó Grupo Nove Cociñeiros, Roberto Filgueira e Marta Fernández do Restaurante

O Balado de Codeso, puxeron en valor o grelo de Boqueixón coa preparación dun prato que presentaron nun showcooking en San Sebastián onde se promocionaba a gastronomía galega.



ESCOLA INFANT DE BOQU



GAEL CAMBA M.



PEDRO FACHAL F.



NICOLÁS FERNÁNDEZ R.



VEGA SINDE C.



ANXO OTERO B.



IZAN GONZÁLEZ C.



NOELA GUTIERREZ S.



MARCO IGLESIAS Á.



LORENA PALLARES V.



MATEO NODAR S.



AARÓN SONEIRA R.



ANDRÉS LAREO S.



SARA SILVA R.



HUGO NOYA C.



JAIRO TORRES M.



ÁLVARO DOSANTOS C.



LAURA ESTÉVEZ L.



SARA CARRILLO M.



DIANA PEÓN V.



ALBERTO SÁNCHEZ S.



VALERIA UZAL M.



OSCAR PÉREZ V.



XIOMARA FERNÁNDEZ P.



ANTÍA MIGUELEZ S.



ADRIÁN LIÑARES R.



PAULA FERN



IL MUNICIPAL UEIXÓN

ARLETTE BEGO MONTSE



MARÍA

FOTO ESTUDIO
MIGUEL



JULIO GARCÍA P.



CLARA GARCÍA P.



JULIA LÓPEZ B.



VALERIA ARMINIO D.



ANGELA MUNÍN F.



DANIEL BARREIRO F.



RODRIGO CAJARAVILLE R.



CANDELA PEREIRAS V.



DAVID OTERO F.



IVÁN FUENTES O.



MATEO GONZÁLEZ M.



MIA RIAL L.



MANUEL NOYA C.



DAVID VAAMONDE S.



ALEXANDRE FREIRE G.



SILVIA SÁNCHEZ R.



LUCÍA MUNÍN S.



LOIS CERNADAS S.



ADRIÁN MARTÍNEZ R.



ZAIRA GARCÍA C.



XIMENA MACIÑEIRAS B.



ERNÁNDEZ M.



LEO GAMALLO L.



JIMENA DE LA TORRE M.



NICOLÁS FERNÁNDEZ P.



LARA IGLESIAS P.

Máis de 100 participantes asisten a esta actividade no curso 2015/2016

O Concello aposta pola formación en lingua inglesa

Conscientes da importancia que ten o plurilingüismo na sociedade actual na que cada vez se esixe máis e mellor formación, o Concello de Boqueixón continúa impulsando a preparación e aprendizaxe de idiomas, en concreto de lingua inglesa, por ser ésta a máis demandada e valorada a nivel curricular. As novas titulacións universitarias, deberán ir acompañadas dun nivel mínimo de competencia lingüística.

O Marco Común Europeo de Referencia establece o seguinte cadro de equivalenzas:



Un dos grupos con maior número de participantes

CLASIFICACIÓN DOS NIVEIS SEGÚN O MCER	EQUIVALENTES
B2	Intermedio alto First Certificate (FCE)
B1	Intermedio (PET)
A2	Pre – Intermedio (KET)
A1	Nivel básico (Inicial)

Dende os comezos desta actividade de inglés, no ano 2007, un gran número de escolares e adultos pasaron polas aulas municipais para a preparación dos distintos niveis, que van dende os tres anos, English for kids, ata a obtención do First Certificate B2.

A formación é impartida por academias homologadas para a preparación das probas de Cambridge, con grupos reducidos e unha metodoloxía activa-participativa que permite unha atención máis individualizada, de cara a adquirir máis eficazmente as competencias esixidas (comprensión auditiva, comprensión lectora, interacción oral e expresión escrita).



A formación está impartida por profesorado nativo

20 mozos e mozas de Europa e Asia participaron neste proxecto II Campo de traballo Dragal 2015



Presentación do II Campo de traballo Dragal

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en colaboración co Concello de Boqueixón e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, celebrou na primeira quincena de agosto o II Campo de Traballo Dragal.

Este encontro multilateral, derivado da obra da escritora Elena Gallego, desenvolveu diferentes contidos que achegaron significado ó conxunto da historia literaria. A finalidade deste campo de traballo foi facer unha posta en valor do patrimonio cultural e artístico galego, mediante a dinamización do Pico Sacro e o Camiño de Santiago.

Ampla oferta de actividades na época estival

Preto de 250 rapaces e rapazas participaron nas actividades de verán



Nenos e nenas gozando dunha das actividades incluídas na programación de Verán Activo

Coas vacacións do verán chega o período de máis actividades de ocio e entretemento para a poboación infantil e xuvenil, coas que se pretende unha ocupación positiva do tempo de lecer á vez que se facilita a conciliación da vida laboral e familiar.

Concilia xuño e Campus Deportivo

A programación deu comezo no mes de xuño, cunha actividade novidosa para os máis pequenos, Concilia Xuño, e co Campus Deportivo, que combina a práctica

de diversas modalidades deportivas (voleibol, natación, fútbol sala e baloncesto) conxugado con espazos para obradoiros, xogos e actividades acuáticas de lecer e esparcemento.

Verán Activo

Pero sen dúbida a actividade estrela, en canto a número de inscritos, foi o Verán Activo, que se prolongou durante os meses de xullo e agosto, cunha participación de máis dun centenar de nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Esta actividade completouse coa oferta de cursos de natación e patinaxe e gran variedade de obradoiros (consumo, cociña, manualidades...) espectáculos de teatro e maxia e hábitos

saudables que combinado coa práctica deportiva, fixeron posible que os participantes gozasen de cheo destas actividades.

Campamento de Verán e Escola de Verán

Dentro da programación para os rapaces e rapazas máis maiores cabe destacar o Campamento de Verán e a Escola de Verán, actividades éstas promovidas pola Oficina de Información Xuvenil e realizadas conxuntamente cos veciños concellos de Vedra e Vila de Cruces.



Mozos e mozas participantes na Escola de Verán

“Ler conta moito” convidou a gozar do verán a través da lectura a preto de 250 rapaces e rapazas de Boqueixón

O libro e a lectura volveron a ser protagonistas do programa “Ler conta moito”, un proxecto da Secretaría Xeral de Cultura en colaboración co Concello de Boqueixón, que durante o verán ofreceu tres actuacións que incluían obradoiros creativos, contacontos, teatro e maxia, todas elas encamiñadas a achegarlle a lectura aos nenos e nenas dun xeito lúdico e participativo.

Coas actuacións de Brica Vai! de aquí a acolá, Dada o Duende e Maxia cómica, os rapaces e rapazas puideron viaxar ao interior dos libros a través dos espectáculos.



A biblioteca municipal de Boqueixón forma parte da plataforma GaliciaLe

Esta plataforma gratuíta do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas ten por obxecto facilitar o acceso de toda a cidadanía á lectura neste formato.

GaliciaLe proporciona un servizo de préstamo temporal de obras en formato dixital de temáticas diversas no que os intereses de todas as persoas teñen o seu espazo e todas as idades o seu lugar.

Catálogos

Esta plataforma conta con dous catálogos de libros, un en castelán e outro en galego os cales poderán lerse en dispositivos compatibles coma tabletas, teléfonos móbiles, ordenadores persoais e lectores de libros electrónicos.

Para ser usuario/a de GaliciaLe só tes que achegarte a biblioteca do concello e cubrir o formulario de inscrición, dispor dun dispositivo compatible e unha conta de correo electrónico.



Rede de Bibliotecas de Galicia XUNTA DE GALICIA

O Concello de Boqueixón benefíciase da axuda de Cultura e Educación para mellorar a colección da biblioteca municipal

O principal obxectivo desta liña de subvencións é ampliar e renovar os fondos bibliográficos que configuran as coleccións das bibliotecas públicas municipais, mediante a adquisición de novidades bibliográficas.

Os preto de 1.150€ concedidos a Boqueixón, permitiu a adquisición dos libros de lectura obrigatoria que os nosos/as escolares teñen que ler ao longo do curso para poñelos á súa disposición en préstamo, ademais de renovar o fondo editorial coas últimas novidades do mercado.



Esta novidade púxose en funcionamento no mes de outubro

Reservas online dos pavillóns municipais a través da web www.boqueixon.com

O Concello de Boqueixón ven de habilitar un espazo na súa web www.boqueixon.com, destinado a poder realizar reservas online dos pavillóns polideportivos municipais.

Desta forma os veciños e veciñas, poderán ver as horas nas que está dispoñible a instalación nun día concreto, reservar aquelas que lle interesen e realizar o pago dunha forma cómoda, áxil e segura.

Os pavillóns deportivos de Boqueixón son moi frecuentados

no tempo de lecer por todas aquelas persoas de Boqueixón que practican alguna disciplina deportiva. Así mesmo, o concello colabora cos equipos federados de Boqueixón na cesión de horas de uso destas instalacións para os adestramentos e competicións.

Coa posta en marcha deste sistema de reservas online, o Concello de

Boqueixón incrementa a oferta de servizos e información que ofrece a través da súa páxina web.



Neste ano cúmprense 15 anos da súa inauguración

O ximnasio do Forte reforza a súa oferta deportiva

O ximnasio municipal é o referente do deporte no municipio, e así o demostra o lanzamento de novas actividades que completan a oferta deportiva destas instalacións. Así un grupo de entre quince e vinte persoas reciben clases de Zumba e Pilates, actividade que garante a diversión e o deporte, ó mesturar o exercicio físico con coreografías musicais.

O ximnasio tamén oferta ximnasia de mantemento, musculación, tenis de mesa ou bailes de salón, cunha media de 70 – 80 usuarios/día.

As instalacións do Forte, que cumpren quince anos, contan cun local de usos múltiples, unha sala de musculación dotada con pesas, máquinas, bicicletas estáticas, cinta de correr e outros elementos para mellorar a condición física. O ximnasio tamén conta con sala de aeróbic e vestiarios

equipados con sauna.

O diferentes plans deportivos presentados, así como a utilización das instalacións deportivas existentes, están integradas no Plan Galicia Saudable.

Unha pista de pádel cuberta completa a oferta deportiva

Así mesmo, as instalacións do ximnasio, contan cunha pista cuberta de pádel, a disposición de todos os veciños e veciñas de Boqueixón. O seu uso é gratuito para os socios do ximnasio e para o resto da poboación o uso régúlase baixo previo pago dunha taxa.

Este deporte, que se practica dende os anos oitenta do século XX, xógase en parellas e é de moi rápida progresión.

Dende o concello estase a traballar na elaboración dunha base de datos de xogadores de pádel para poder organizar a I liga de pádel e así promocionar este deporte.



Unha empresa doa 3.000 euros para axudas destinadas para material escolar, roupa e calzado

Doce familias de Boqueixón beneficiáronse das axudas para material escolar, roupa e calzado que o concello concedeu a través do contrato de colaboración asinado con Puntos Bajo Coste, S.L. (SBC Gasolineras), coa finalidade de cubrir os gastos extraordinarios que supón o inicio do curso escolar nas familias con menos recursos económicos.



Ana García e Ovidio Rodeiro tras a firma do contrato de colaboración.

A empresa colaboradora efectuou unha achega de 3.000 euros para a concesión destas axudas, contía que permitiu a 21 menores, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade, a adquisición do equipamento necesario para a súa correcta integración escolar.

Incremento dun 25% das horas de axuda no fogar para dependencia

Ao longo deste ano 2015 o Concello de Boqueixón incrementou en 442 horas ao mes (un 25,77% máis) a atención, a través do servizo de axuda no fogar, ás persoas en situación de dependencia con dereito de atención recoñecido a través da correspondente resolución de PIA.

Este incremento nas horas asignadas mensualmente ao concello, o máis importante desde que entrou en vigor o novo sistema de financiamento do servizo de axuda no fogar, permitiu o acceso ao servizo de 9 persoas que se atopaban na lista de agarda (Programa de Asignación de Recursos) á espera de acceder de forma efectiva ao mesmo.

Dende finais de abril de 2015 é Atendo Calidade á empresa prestadora deste servizo de proximidade.

Este programa está financiado polo Concello e pola Deputación

Apoio educativo en mans de profesionais

No mes de novembro deu comezo unha actividade de apoio educativo para nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe e/ou diagnosticados con algún transtorno infantil, coa finalidade de poder complementar o programa de educación familiar que se está a desenvolver neste concello dende hai 15 anos.

Actividade gratuíta

A actividade, de carácter gratuíto, daralle prioridade ás familias usuarias do programa de educación familiar e/ou familias con dificultades na súa economía familiar ou outras caracte-

rísticas valoradas polos técnicos de Servizos Sociais.

Un equipo multidisciplinar de profesionais, encabezados por Ruth Gómez Vázquez, mestra de educación especial e doutora en Pedagogía terapéutica con 43 anos de experiencia profesional xunto con unha psicóloga e un pedagogo da educación especial, traballan para poder proporcionar asesoramento e apoio aos pais tras unha observación dos nenos e

das nenas para mellorar as súas capacidades de comprensión, aprendizaxe e conducta traballando os aspectos que dificultan a adquisición de habilidades e pautas socioeducativas.



O equipo de profesionais xunto co alcalde na firma do convenio.

O Concello firma un convenio con Unicef como ciudad amiga de la infancia



O Concello de Boqueixón, firmou con Unicef un convenio mediante o cal o municipio recibe a condición de aliado do seu Programa Ciudades Amigas de la Infancia, de Unicef España.

A través deste acordo, levaranse a cabo accións e actividades de difusión e sensibilización, dándolle aos nenos a capacidade de expresar as súas opinións e sentirse partícipes nun proxec-

to por e para eles dentro do seu Concello.

1º Pleno infantil

Enmarcado nestas accións, o día 20 de novembro, celebrouse no salón de plenos da casa do concello, o 1º Pleno Infantil, coincidindo coa celebración do Día Internacional dos dereitos dos/as nenos/as.

Os protagonistas foron 15 alumnos e alumnas de 6º de pri-

maria do CPI Antonio Orza Couto que acompañados do alcalde, Ovidio Rodeiro, e da concelleira de Servizos Sociais, Ana M^a Seijo, fixeron propostas de mellora sobre os dereitos dos nenos e nenas e debatiron sobre como se executan eses dereitos no seu propio concello.

Estes rapaces contaron cun público de excepción, os seus compañeiros de 5º de primaria.



Foto de familia dos protagonistas do 1º Pleno Infantil xunto co alcalde e a concelleira de Servizos Sociais

“Mulleres da historia, mulleres con historia”

O Centro de Información á Muller (CIM) continuou a súa labor de prevención, información e sensibilización en igualdade e violencia de xénero durante todo este ano 2015. As accións desenvolvidas tiveron como público obxectivo a poboación infantil, adolescente e adulta.

Talleres de igualdade

Os nenos e nenas, a través das actividades de conciliación, reciben diversos talleres onde traballaron a temática da igualdade. Un dos máis destacados foi a exposición de “Mulleres da historia, mulleres con historia”, unha recollida de carteis para conmemorar o Día da Muller Traballadora. A exposición estivo aberta ao público durante todo o mes de marzo na casa do concello.

Catorce veciñas de Boqueixón participaron no curso de defensa persoal feminina



Participantes e mestres do curso de defensa persoal

Con motivo do 25 de novembro, día Internacional contra a Violencia de Xénero, o CIM de Boqueixón, puxo en marcha un curso monográfico de defensa persoal feminina, destinado a mozas e mulleres maiores de 14 anos.

Esta formación, que tiña como finalidade proporcionar ferramentas básicas para afrontar unha situación de agresión, desenvolveuse o día 21 de novembro e contou para a ocasión con profesionais do eido da defensa persoal que transmitiron gran parte dos seus coñecementos a todas as asistentes.

Marea violeta contra a violencia machista

Así mesmo, na liña das actividades do 25N, lanzouse unha campaña de sensibilización cuxo obxectivo foi concienciar a poboación do noso municipio sobre a necesidade de que todos e todas sexamos partícipes desta loita.

Baixo o lema “As mans para loitar, non para ferir, a fala para acariñar, non para anular” convidouse a todas as persoas a participar na creación dunha marea violeta mediante a publicación nas redes sociais dunha foto cun-

ha man violeta, símbolo da loita contra a violencia machista.



Traballadores do Concello o día 25 de novembro

Rede de Escolas na Nube

Pois aquí estamos de novo dende o CRA BOQUEIXÓN – VEDRA para contarvos todos os proxectos que estamos levando a cabo e todo os que se están cocendo nas nosas escolas.

No curso pasado botamos a andar un novo proxecto, o Rural School Cloud, no que nos integramos nun proxecto coordinado polo CESGA no que participaron escolas de Inglaterra, Grecia, Italia, Dinamarca e os CRAs que estamos dentro do proxecto Rede Escolas na Nube. O noso centro traballou xunto co CRA de Vilaboa – Pontevedra nun proxecto conxunto sobre plantas aromáticas e medicinais.




Foi en novembro deste curso cando fixemos a conferencia final deste proxecto no Pazo Fonseca onde presentamos todos os obxectivos acadados con el. Foi un acto de gran relevancia e importancia non só polos éxitos acadados, senón polo conseguido entre escolas europeas coordinadas a través da plataforma na nube. Nese día acompañounos o conselleiro Román Rodríguez e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro.



Ademais dos proxectos de novas tecnoloxías levamos a cabo outros moitos proxectos no centro, como os de revalorización do noso, das nosas tradicións,... Arrancamos este curso cun proxecto da vendima na que non só recolleemos uvas senón que fixemos todos os pasos para a elaboración do viño.



Outros sobre o medioambiente xa que somos centro Voz Natura e outros sobre a biblioteca, porque cremos que o principio da cultura é a lectura, así que tratamos de espertar nos nosos alumnos/as o gusto polos libros.



E outros moitos que temos en mente, sobre todo adicados as necesidades educativas especiais, tanto en formación dos mestres como en atención temperada dos nosos alumnos/as. Cara aí imos, intentando ensinar e preparándonos para aprender.

Convivencia e participación na comunidade escolar

A convivencia no centro escolar constitúe un motivo de preocupación crecente, que non se suscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén ás relacións entre os propios alumnos, o que levou a tomar conciencia da gravidade que revisten fenómenos como o acoso escolar.

Prevenición do acoso

O CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto está a levar a cabo programas de prevención coa implicación de toda a comunidade educativa - nais, pais, alumnos, profesores e administracións.

O Plan de convivencia, sinala como obxectivos: a transmisión

dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza. Para acadar estes obxectivos, ao inicio do curso escolar, elabórase o PAT (Plan de Acción Tutorial), que inclúe charlas, obradoiros e outros, que son impartidos por profesores e entidades como o Concello de Boqueixón, a Garda Civil, Cruz Vermella...

A convivencia require o principio

do esforzo compartido por toda a comunidade educativa para asegurar unha educación de calidade con equidade.



Un ano máis a Escola Infantil Raíña Lupa comeza o curso coas 51 prazas dispoñibles cubertas



Despois de doce anos de funcionamento, os pais e nais dos cativos e cativas de Boqueixón, seguen a confiar no bo facer das profesionais da escola, xa que un ano máis o curso arrancou con todas as súas prazas ocupadas, e dicir, con catro aulas a pleno funcionamento.

A oferta educativa é moi ampla, centrando o seu proxecto educativo no entorno próximo e na colaboración coa familia-escola. Aínda que este ano teñen novidades que fan máis atractiva a oferta educativa, xa que inclúen na súa programación clases de inmersión lingüística e clases de educación vial.

Blog Raíña Lupa

Por primeira vez no centro estase a elaborar un blog de aula, co cal se pretende facer chegar as familias as experiencias diarias da aula de forma lúdica e divertida, ao mesmo tempo que innova-

dora. Esta iniciativa está a ter un gran éxito entre as familias.

Pódese consultar o blog en: www.rainalupa.blogspot.com.es



TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

- Centraliña: 981 513 061
981 513 052
- Fax: 981 513 000
- Xulgado: 981 513 061
- Departamento de Cultura e Educación: 981 513 115
- Departamento de Servizos Sociais: 981 513 106
- Departamento de Deportes/Ximnasio:..... 636 731 721
- Departamento de Urbanismo/Vías e Obras: 616 440 473
- Recollida de Lixo: 616 440 468
- Punto Limpo: 616 440 465
- Saneamento: 981 513 457
(Saneamento) 618 812 799
(Auga) 616 440 473

Centros asistenciais

- Centro Saúde do Forte: 981 513 010
- Centro Saúde de Lestedo: 981 502 297
- Residencia Santa Olalla (Codeso): 981 512 151

Emerxencias

- Garda Civil de Lestedo: 981 503 051
- Emerxencias (teléfono gratuito): 112
- Urxencias médicas: 061
- Protección Civil Boqueixón: . 616 440 465

Centros educativos

- CPI Antonio Orza Couto:
(primaria) 981 513 021
(secundaria) 981 513 455
- CPI de Vedra: 981 503 034
- CRA: 616 440 471
- Escola Unitaria de Lestedo:.. 616 440 474
- Escola Unitaria de Camporrapado: 649 737 678
- Escola Unitaria de Sergude: . 616 440 472
- Escola Infantil Raíña Lupa: ... 981 502 190

Outros

- Correos: 981 513 248
- Permisos de queima: 902 112 000
- Taxista Lamas: 981 513 064
(María Fernández Millán) 696 027 068
- Taxista Ledesma:
(Jesús Ramos Fernández) 686 483 899
- Taxista Lestedo: 670 307 811
(José Manuel Silva Fernández) 981 502 019
- Farmacia de Lestedo: 981 502 252
- Farmacia do Forte: 981 513 087
- Farmacia de Camporrapado: 981 514 425

www.boqueixon.com